

martes 10 de noviembre de 2009

O IES Maruxa Mallo viaxará a Lituania



Catro "brillantes estudantes" pasarán unha semana na cidade de Pszczyna

Poñerán en práctica os seus coñecementos de inglés

O vindeiro sábado, 14 de novembro, e dentro das actividades do Proxecto Comenius que financia a Unión Europea, comeza a viaxe que levará ata Lituania a **Paula Martínez Díaz, Adrián García Muíño, Luis Fernando Cruz Ramos** (3º ESO) e **Andrea Ariño Vilariño** (4º ESO), brillantes estudantes do IES 'Maruxa Mallo' de Ordes. Con eles viaxarán a Directora do Centro, **Rosa Maceiras Miñán**, e a Coordinadora do Proxecto, **Isabel Mato Torres**.

Durante a estadía dunha semana nese país o alumnado galego terá ocasión de comparar **tres culturas, formas de vida e sistemas educativos**. Poñerán, asemade, en práctica os seus coñecementos

do inglés que será a lingua de comunicación do encontro no que tamén participarán os socios polacos do proxecto, alumnado e profesorado do **Instituto Zespól Szkol n°1** da cidade de **Pszczyna**. Mentres o profesorado dos tres países prepara detalladamente as actividades para o resto do curso, o alumnado convivirá con familias lituanas e asistirá a clases no Instituto 'Atgimimo' da cidade de Druskininkai.



Levarán un vídeo do concello de Ordes

Pero os rapaces e rapazas de Ordes non chegarán coas mans baldeiras pois levan un vídeo onde presentan o centro educativo e o concello de Ordes. Este vídeo foi realizado polos profesores de Galego e Tecnoloxía, **Xosé M. F. Castro** e **Raquel Rendo Martínez**, e protagonizado polo alumnado da materia de Expresión Teatral, coa colaboración de todo o instituto.

Tampouco chegarán alí sen **coñecementos previos do país** porque, tanto eles como o seus compañeiros de nivel, procuraron activamente na internet a información necesaria para solucionar uns detallados cuestionarios sobre **Lituania** elaborados polos profesores de Historia, **Leopoldo Fernández Gasalla** e **José Martínez Crespo**, e adaptados polos mesmos estudantes ao idioma do encontro nas clases de Inglés.

O Concello de Ordes, que se brindou a colaborar, enviará un **agasallo institucional** ao concello de **Druskininkai**, que recibirá e dará a benvida aos galegos. Durante a visita achegaranse a diversos

lugares turísticos e culturais e para contarllelo todo logo aos compañeiros, dispoñerán dun '**Diario de Viaxe**', preparado pola Coordinadora do Proxecto, onde tomarán nota das súas experiencias coa familia, coa comida, co centro educativo e coa viaxe en xeral.